

## ANUNCIO

### Delegación de Alcaldía

En data de 22 de abril de 2022 dítase a resolución de Alcaldía núm. 311/2022 que a continuación se transcribe:

Por ter que ausentarme da Alcaldía os días 25 e 26 de abril de 2022, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, DISPOÑO:

### PRIMEIRO

Delegar as funcións da Alcaldía durante o citado período na 1ª Tenente de alcalde, Dona María del Carmen Figueira Ares.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da presente resolución, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

### SEGUNDO

Que as resolucións Administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

### TERCEIRO

Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de editos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Rianxo, a 22 de abril de 2022

Asinado electronicamente, o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez